



## **Resolución do procedemento de inscrición do monte Carballeira de Pena Boeira no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas**

### **Antecedentes**

1. O 05/03/2020 o representante da comunidade de montes veciñais en man común de Gondulfes e Marbán, titular do monte Carballeira de Pena Boeira, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O 28/10/2020 o Servizo de Montes de Ourense informou favorablemente a solicitude. Previamente, o titular do monte emendou a memoria xustificativa coa descrición da masa, así como a cartografía en formato shapefile, de xeito que a superficie definitiva proposta para a súa inclusión pasou a ser de 37,55 ha.
3. O 10/11/2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte Carballeira de Pena Boeira.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, o 11/01/2021 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.
7. O 28/01/2021 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

### **Consideracións legais e técnicas**

1. O procedemento de inscrición do monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de





decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**:

1. Que se inscriba o monte Carballeira de Pena Boeira no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Número de rexistro: 32003

Nome do monte: Carballeira de Pena Boeira

Pertenza: Comunidade de montes veciñais en man común de Gondulfes e Marbán

Concello: Castrelo do Val

Provincia: Ourense

Superficie total: 37,55 ha, nun único couto redondo

Idade: 40 anos

FCC: 90%

Especies: *Quercus pyrenaica*, *Pinus sylvestris*, *Betula celtiberica*, *Salix sp.*

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución á comunidade titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal  
José Luis Chan Rodríguez  
(Asinado dixitalmente)

